

Curso presencial con acreditación RTTP:

XESTIÓN AVANZADA DOS IPR



Datas: 27 e 28 de maio de 2026

Horario: de 9:30 a 18:45 h (27 de maio)
de 9:15 a 17:15 h (28 de maio)

Lugar de celebración: FEUGA

Rúa de Lope Gómez de Marzoa, s/n · 15705 Santiago de Compostela

Organiza

Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia

Contido

Esta formación está deseñada para que profesionais do ámbito da transferencia de coñecemento adquiren unha visión práctica da xestión da propiedade intelectual e industrial en contextos de I+D+i, incluíndo a súa aplicación en acordos de colaboración e procesos de transferencia.

O curso ten un enfoque práctico e inclúe a análise de casos e situacións habituais na xestión dos IPR, abordando aspectos como os acordos con terceiros, a protección de software e bases de datos, estratexias de patentes e o segredo empresarial.

Obxectivos

- Manexar os aspectos clave da xestión dos IPR adaptados aos distintos tipos de acordo de transferencia.
- Analizar e negociar as cláusulas de propiedade industrial dos contratos empregados habitualmente nos proxectos de I+D+i colaborativa, así como nos procesos de transferencia de coñecemento.
- Coñecer as normas que regulan a cotitularidade dos resultados dun proxecto colaborativo e negociar adecuadamente os acordos con terceiros.
- Implementar diferentes opcións para a licenza de software, xestionando os elementos críticos de cada unha delas.
- Coñecer e aplicar as posibilidades de protección do software mediante patente.
- Xestionar adecuadamente os dereitos asociados á xeración e explotación de bases de datos.
- Abordar a problemática dos dereitos aplicables aos activos xerados por intelixencia artificial.
- Resolver e manexar situacións extraordinarias ou conflitivas no marco dos procedementos de tramitación de patentes.
- Implementar estratexias de transferencia baseadas nas vantaxes que ofrece o segredo industrial como instrumento de protección.

Axenda

Mércores 27 de maio

- 9.30 - 9.45 h **Benvida**
Axencia Galega de Innovación
- 9.45 - 11.45 h **MÓDULO 1. OS IPR NOS ACORDOS CON TERCEIROS**
»» Tipoloxía de acordos según a súa finalidade
»» Acordos de consorcio no marco de convocatorias públicas
»» Acordos de cotitularidade
- 11.45 - 12.00 h **Pausa café**
- 12.00 - 14.00 h **MÓDULO 1. OS IPR NOS ACORDOS CON TERCEIROS (CONTINUACIÓN)**
»» Acordos de prestación de servizos de I+D+i / Subcontratación en acordos de consorcio (artigo 60 da nova LOU)
»» Acordos de transferencia
- 14.00 - 15.00 h **Xantar Networking**
- 15.00 - 17.00 h **MÓDULO 2. PROTECCIÓN DE SOFTWARE E BASES DE DATOS**
»» SW e dereitos de autor: a protección outorgada pola Lei de Propiedade Intelectual
»» Software libre
»» Recomendacións antes de outorgar unha licenza sobre un SW xenerado na organización e viceversa
»» Software e patentes: as invencións implementadas no ordenador
- 17.00 - 17.15 h **Pausa café**
- 17.15 - 18.45 h **MÓDULO 2. PROTECCIÓN DE SOFTWARE E BASES DE DATOS (CONTINUACIÓN)**
»» Bases de datos: o dereito sui géneris e outras formas de protección
»» Software e Segredo Empresarial (SE). Outras formas de protección
»» Intelixencia artificial



Xoves 28 de maio

- 9.15 - 9.30 h **Presentación RedTransfer (opcional)**
- 9.30 - 11.30 h **MÓDULO 3. ESTRATEXIAS NON (TAN) HABITUAIS PARA A XESTIÓN DE PATENTES**
- »» Presentacións sen marxe de tempo: requisitos de defensa nacional; requisitos mínimos de presentación (PLT); solicitudes provisionais
 - »» Publicacións antes de patentar: o período de graza
 - »» Estratexias para acelerar a concesión: OEPM: CAP; EPO: PACE; PPH
 - »» Estratexias para atrasar a tramitación
- 11.30 - 11.45 h **Pausa café**
- 11.45 - 13.45 h **MÓDULO 3. ESTRATEXIAS PARA A XESTIÓN DE PATENTES (CONTINUACIÓN)**
- »» Resolver perdas de dereitos
 - »» Cuestións específicas das patentes nos Estados Unidos
 - »» Novidades normativas
- 13.45 - 14.45 h **Xantar Networking**
- 14.45 - 17.15 h **MÓDULO 4. SEGREDOS EMPRESARIAIS**
- »» Marco normativo
 - »» Que pode ser considerado como segredo empresarial?
 - »» Segredo empresarial vs. propiedade industrial
 - »» Protección mediante segredo empresarial
 - »» Casos de éxito/fracaso. Obradoiro.

ACREDITACIÓN E CERTIFICACIÓN

- »» Este curso está acreditado pola *Alliance of Technology Transfer Professionals* (ATTP) e proporciona **14 puntos** para a obtención da acreditación *Registered Technology Transfer Professional* (RTTP)

INSCRIPCIÓN

- »» Ata o día **18 de maio ás 14.00 h** a través deste [formulario de inscrición online](#)

CONTACTO

- »» **+34 981 957 000**
- »» ignicia.gain@xunta.gal



Biografías das persoas formadoras



ELISA MONTE

Elisa conta con máis de 18 anos de experiencia en propiedade industrial e intelectual e unha dilatada traxectoria en litixios, transferencia de tecnoloxía e protección de activos intanxibles. Tras unha década nun bufete italiano, incorporouse a PONS IP, onde asesora empresas, organismos públicos e consorcios internacionais na valorización e explotación da propiedade intelectual. É experta en negociación contractual, *due diligence* e valoración de tecnoloxías, apoiando a toma de decisións estratéxicas en proxectos de innovación. É profesora do Máster en Propiedade Industrial, Intelectual e Innovación Tecnolóxica de ISDE / PONS e ofrece formación de maneira continuada en propiedade intelectual e transferencia de tecnoloxía.



LUIS GARCÍA

Avogado autónomo en exercicio. Durante 26 anos traballou en TELEFÓNICA como responsable legal (nivel de Xerencia) da área global corporativa «Core Innovation», orientada ás actividades de innovación e desenvolvemento de novos produtos e servizos para o Grupo Telefónica e da contratación asociada á enxeñaría da plataforma global do servizo de TV e Vídeo (Digital Home Service Platform) do mesmo grupo.

En abril de 2022 iniciou unha nova etapa como profesional independente, especializado no asesoramento xurídico en actividades de innovación, IT/IP/PD, contratación mercantil e asesoramento legal a departamentos de compras. Entre os seus clientes atópanse a área de Sistemas, Ciberseguridade, Comunicación e Compras de IBERDROLA S.A., en cuestións relativas a licenzamentos e servizos globais do Grupo Iberdrola; e a área de Asuntos Xurídicos Corporativos de FERROVIAL, prestando apoio á contratación mercantil e á área global de Innovación.

Desde novembro de 2022 é *partner* de Ambar Partners, un ALSP (Alternative Legal Service Provider) con forte implantación en España e Portugal, e profesor do módulo de Contratos de Transferencia de Tecnoloxía do Máster en Propiedade Intelectual e Industrial, Competencia e Novas Tecnoloxías do ISDE, e de diferentes accións formativas en REDTRANSFER relacionadas coa xestión e protección da propiedade intelectual e industrial.





ESTHER SAN MARTÍN

Licenciada en Bioloxía (2004), Axente Española da Propiedade Industrial (2011), Axente de Patentes Europeas – EPA (2011) e European Patent Administration Certificate – EPAC (2023).

Con máis de 18 anos de experiencia no sector da Propiedade Industrial, en concreto na xestión de patentes, desenvolveu a súa carreira profesional en varias firmas de IP ata 2019, ano no que inicia unha nova etapa coa creación de San Martín Consultoría en Propiedad Industrial.

É relatora en diversos cursos e másteres relacionados coa xestión da Propiedade Industrial, como o Curso de Dereito Europeo de Patentes (CEIPI – Universidade de Estrasburgo – EOI), o Máster de Propiedade Industrial (Universidad Rey Juan Carlos / PONS), o Curso sobre xestión da Propiedade Industrial (Rede OTRI) e o Curso de preparación para o exame de Axente da Propiedade Industrial (COAPI), entre outros.



GUSTAVO ADOLFO GONZÁLEZ

Enxeñeiro Técnico Industrial con especialización en Electrónica Industrial (1999) e Grao en Enxeñaría Electrónica e Automática Industrial (2015). Axente Europeo de Patentes (2012), Axente da Propiedade Industrial en España (2015), Diplomado en Litixios de Patentes en Europa (2019) e Qualified Patent Information Professional. Con máis de 25 anos de experiencia no sector da Propiedade Industrial, dirixe a área de Patentes Electromecánicas e Deseños Industriais e codirixe o Departamento de Segredos Empresariais en HERRERO & ASOCIADOS (H&A), líder do sector da Propiedade Industrial en España e do que é socio desde o ano 2019.

Foi titor nos cursos de preparación para o Exame de Axente da Propiedade Industrial organizados polo Colegio Oficial de Agentes de la Propiedad Industrial de España (COAPI) desde 2017, así como nos cursos sobre Xestión Administrativa da Propiedade Industrial organizados pola EOI (Escuela de Organización Industrial) desde ese mesmo ano. Ademais, é membro de varias organizacións profesionais, como COGITIM, EPI, COAPI e SPIP, e é autor e colaborador en diversas publicacións relacionadas coa Propiedade Industrial, como o libro “Factbook, propiedad industrial” e a publicación AJA (Actualidad Jurídica Aranzadi).

